


CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na casa)

3 de xaneiro do 2021

II DOMINGO DE NADAL



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INJUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA
E CON RESPONSABILIDADE PERSOAL ANTE A COVID-19



1.- ENCONTRO EN FAMILIA

SAÚDO DE BENVIDA

🎵 *Que ledos hoxe estamos
ou Imos compañeiros imos*

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para vivir a fe en fogar e desfrutando da presenza de Xesús Neno no medio de nós. Facémolo no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

Neste II domingo do Nadal lemos o comezo do evanxeo de San Xoán para recordarnos que Xesús naceu no medio de nós e que quere compartir a nosa vida de cada día neste ano que comezamos, coas súas alegrías e os seus atrancos, cos momentos malos e os bos.

Pero sobre todo para traernos un novo xeito de vida. Como lles di San Paulo aos Efesios, somos fillos de Deus. Por iso temos que confiar Nel, sentirnos sempre collidos da súa man e deixarnos levar, como calquera fillo se sente xunto ao seu Pai, e dicirlle con sentimento profundo: Abba = Papá.

No calendario hoxe pon **SORRISOS**. Como non imos sorrir se estamos nas mans dun Pai bo que nos quere, e con Xesús e uns irmáns aos que prezamos e cos que compartimos a nosa vida?

PROCLAMACIÓN DO GLORIA

*Todos: GLORIA AO SEÑOR NAS ALTURAS
E NA TERRA PAZ*

Monitor/a

Cantémoslle cos anxos, cos pastores,
cantemos con María e con Xosé,
a gloria e a paz que nace en Belén.

*Todos: GLORIA AO SEÑOR NAS ALTURAS
E NA TERRA PAZ*

Monitor/a

Cantémoslle cos pobres e cos pequenos,
a quen Deus lles procura tanto ben,
a gloria e a paz que nace en Belén.

*Todos: GLORIA AO SEÑOR NAS ALTURAS
E NA TERRA PAZ*

Monitor/a

Cantémoslle ao Deus que nos visita,
que mostra na humildade o seu poder,
a gloria e a paz que nace en Belén.

*Todos: GLORIA AO SEÑOR NAS ALTURAS
E NA TERRA PAZ*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

*Celebrante Rematamos coa oración na que damos
grazas a Deus por pousarnos nas nosas mans ao seu
Fillo feito Nadal, e pedímoslle por todas as familias que
por unhas ou outras razóns non están tendo un Bo Nadal.*

(silenzo)

Deus, todopoderoso e eterno,
luz dos que cren en Ti.

Que a terra se ateigue da túa Gloria
e te recoñezan os pobos
pola claridade da túa luz.

Xúntanos a todos no SORRISO eterno do teu fogar.
Pedímoscho polo teu Fillo Xesús,
o noso Salvador,
a quen festexamos coma nacido no medio de nós
e que vive e reina por sempre eternamente. Amén.

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Monitor/a:

San Paulo, despois do himno de louvanza a Deus por facernos fillos seus pola encarnación de Xesús, dá grazas a Deus pola comunidade que vive en Éfeso xa que demostran o seu amor con feitos cada día, e pide para eles o espírito de sabedoría.

Xesús é a Palavra de Deus que nos trae a luz e a revelación dun Deus Pai, que nos quere, nos sorrí e nos leva da man nos camiños da vida.

Leccionario II B páx 42

Ef 1,3-18

LECTURA

LECTURA DA CARTA DE SAN PAULO AOS EFESIOS

Irmáns e irmás:

¡Bendito sexa o Deus e Pai do noso Señor Xesús Cristo, que por medio de Cristo nos bendiciu no ceo con toda clase de bendicións do Espírito! Porque nos escolleu antes da formación do mundo, para que fósamos santos e sen mancha perante El polo amor.

El decidiu xa daquela profillarnos por medio de Xesús Cristo, para El, conforme o designio da súa vontade.

Por iso, tamén eu, tendo oído falar da vosa fe no Señor Xesús e do voso amor a todos os crentes, non paro de lle dar grazas a Deus por vós, recordándovos nas miñas oracións, de xeito que o Deus do noso Señor Xesús Cristo, o Pai glorioso, vos conceda espírito de sabedoría e de revelación, para coñecer o ben; que manteña iluminados os ollos da vosa alma, para que comprendades as esperanzas que abre a súa chamada, a riqueza que supón a súa gloriosa herdanza destinada aos crentes.

Palabra do Señor

🎵 🎵 *Con un sombreiro de palla* SALMO

(en pé) *Leccionario II B páx 45* Xn 1, 1-5.9-14 EVANXEO

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO XOÁN

No principio existía a Palabra,
e a Palabra estaba onda Deus,
e a Palabra era Deus.

Ela estaba no principio onda Deus.

Todo foi feito por ela,
e sen ela non se fixo
nada do que foi feito.

Nela estaba a vida,
e a vida era a luz dos homes;
a luz aluma na tebra,
e a tebra non a deu apagado.

(A Palabra) era a verdadeira luz
que aluma a todo home
que vén a este mundo.

Ela estaba no mundo,
e o mundo foi feito por ela,
pero o mundo non a recoñeceu.

Veú á súa propiedade,
e os seus non a acolleron.
Pero a cantos a recibiron,
-aos que cren no seu nome-
deulle o poder
de seren fillos de Deus.

Estes, non naceron do sangue,
nin da vontade da carne,

senón de Deus.

E a Palabra fíxose carne,
e plantou entre nós a súa tenda,
e nós vimos a súa gloria,
gloria coma de Unixénito
que vén do Pai,
cheo de graza e de verdade.

Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller
a palabra no corazón



(en pé) PROFESIÓN DA FE

Celebrante: Neste encontro de fogar, sabendo que Xesús
nos nace nas nosas mans, con ledicia, damos razón da
nosa fe como familia dicindo:

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Monitor/a

***Credes en Deus Pai,
que acompaña os nosos camiños da vida
como naquel cortello de Belén?***

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

***Credes en Xesús,
que se achega a todos nós
e nace pobre e no medio dos pobres?***

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

***Credes no Espírito de Deus
que nos alenta a compartir coa ilusión do Nadal?***

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

***Credes na igrexa,
comunidade que quere medrar acollendo a Xesús
que se fai no medio dos refuxiados
e empobrecidos desta terra?***

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: *Imos agora rezar a Deus, imos poñer nas súas mans as nosas pregarías e o noso agradecemento a todo canto o Nadal nos ofrece dicindo:*

DÁMOSCHE GRAZAS, SEÑOR

Monitor/a

✓ Todos queremos acoller o cariño de Deus que se nos mostra humilde e forte en Belén. Queremos andar sempre polos seus camiños de paz. Por iso dicimos

✓ Todos queremos acoller nas mans ao Deus que comparte con nós. Queremos tamén achegarnos aos que precisan da nosa compañía e axuda. Por iso dicimos

✓ Todos queremos acoller contentos ao Deus que nos visita na vida dos refuxiados e dos pobres. Queremos agradecer a todos cantos se achegan aos máis necesitados sen virarlle as costas. Por iso dicimos

✓ Todas as familias queremos acoller e facer noso o misterio do Nadal. Queremos agradecer o poder ser hoxe signos de alegría, de xustiza e de paz, vivindo o Nadal con SORRISOS e coidándonos con sentidiño. Por iso dicimos

Celebrante: *Todo cho agradecemos a Ti, Señor. Acolle as nosas vidas, os nosos bos desexos destes días de Nadal, e que os demais atopen sempre en nós un sorriso. Por Xesucristo noso Señor. Amén.*

3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS EN FAMILIA

NOSO PAI

Celebrante: *Xesús xa é Nadal, está no medio de nós. So temos que abrir os ollos e mirar ao redor para atoparnos con El.*

Sentíndoo coma irmán, co sorriso confiado de telo á nosa beira, rezamos dicindo

NOSO PAI ...

SIGNO DA PAZ

Celebrante: *As nosas mans abertas expresan a nosa boa vontade; con estas mesmas mans queremos amosar a responsabilidade de ser coidadores con nós, cos demais e con todo. E nestas mesmas mans pousase Xesús porque é NADAL.*

NON COMULGAMOS PERO ESTAMOS EN COMUÑÓN

Celebrante: *Hoxe, como fogar, seguémonos reunindo para compartir a ledicia de ter xa a Xesús no medio de nós.*

Ditosos nós que hoxe somos convidados a ser crentes e cribles. Somos igrexa que espera e confía participando desta festa do NADAL do Señor.

 **No colo da miña nai ou Durme meniño**

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante:

Deus de misericordia,
pola graza deste misterio do Nadal
fai que nos purifiquemos dos nosos pecados,
que se cumbran os nosos desexos,
e así teñamos parte no Reino da paz.
Pedímoscho a Ti que vives e reinas
por sempre eternamente. Amén

*Co nacemento do seu Fillo, Deus iluminou este Nadal.
Coa súa bondade infinita encha os nosos corazóns de
amor e de paz. Amén*

*El anuncioulle aos pastores o gozo inmenso do
nacemento salvador do seu Fillo. Que El encha os
nosos corazóns coa súa alegría e nos faga
mensaxeiros do evanxeo. Amén*

*E polo Nadal do seu Fillo, Deus uniu a terra co ceo. Que
El nos faga merecentes aquí do seu amor, e no ceo da súa
vida sen fin. Amén*

*Que teñamos un bo día, unha boa semana,
e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal
e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén.*

MOI BO NADAL E QUE ESTE 2021 SEXA FARTURENTO



“SORRISOS dinos o noso calendario de Nadal da casa”

“E Deus plantou a súa tenda entre nós”
Palabras do evanxeo de hoxe.

